



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529
web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

EDICIÓN ESPECIAL “Pincho de Semana Santa”

BASES:

1. O evento que a continuación se regula denomínase “**Pincho de Semana Santa**”.
2. Poderán participar neste evento todos aqueles establecementos hostaleiros con local aberto e en funcionamento no termo municipal de Betanzos.
3. O prazo de inscrición será do 4 ao 12 de marzo de 2024. A inscrición poderá ser presencial, no rexistro do Concello de Betanzos, ou telemática (para aqueles/as obrigados/as pola lei a facelo telematicamente non se admitirá de forma presencial).
4. A semana do “Pincho de Semana Santa” terá lugar nos establecementos hostaleiros inscritos entre os días 22 e 31 de marzo de 2024.
5. Durante o evento os establecementos participantes terán que pór a disposición da clientela, para a súa consumición, un petisco elaborado, nun horario que estará especificado en cada caso no impreso de solicitude e no material promocional do evento.
6. Os/as propietarios/as ou responsables de todos os establecementos participantes estarán obrigados/as a acudir a calquera acto de promoción do evento que o Concello de Betanzos estime oportuno, así como a colocar nun lugar visible do seu negocio a publicidade e os distintivos entregados por este.
7. Cada establecemento participante deberá elaborar un petisco, con liberdade de elección nos ingredientes e no prezo.

Ademais, todos os establecementos participantes deberán ter o petisco preparado entre os días 14 e 15 para que o Concello poida fotografalo para a súa posterior publicación na publicidade promocional.

Aqueles establecementos que así o prefiran poderán enviar a fotografía do seu petisco (con calidade suficiente para a súa publicación) ao enderezo de correo electrónico lugami@lugami.com.

Os establecementos que non poñan ao dispor do Concello de Betanzos o seu petisco nas datas sinaladas para realizar a fotografía e tampouco a envíen ao enderezo de correo electrónico sinalado, ficarán excluídos da edición especial da Semana do Pincho de Betanzos.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529
web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

8. Cada establecemento participante terá a disposición da clientela os folletos cun plano de situación de todos os locais que formen parte deste evento. O Concello de Betanzos entregará estes folletos.

Na parte posterior de cada un deles figurarán **5 recadros en branco** destinados a que cada establecemento que a clientela visite e no que deguste o seu petisco coloque **o seu selo distintivo (non se aceptará sinatura)**. A clientela que complete os **5 recadros** selados por diferentes establecementos poderá depositar este mesmo folleto cos seus datos particulares no local que desexe, e participar no sorteo de cinco experiencias gastronómicas para dúas persoas nun dos "restaurantes da biosfera", certificados no ano 2019 na marca de calidade , así como votar polo petisco que considere oportuno.

Os establecementos participantes deberán levar a furna cos votos emitidos pola súa clientela ao lugar e na data que se lles indicará cando recollan a documentación para participar no evento. Se algún establecemento non entregara esta furna en tempo e forma, o Concello de Betanzos realizará de igual modo o recuento das papeletas para todos os fins necesarios e reservarse o dereito a adoptar as medidas que considere oportunas cos establecementos que incumpriran as bases.

O cómputo de todos os votos emitidos determinará o establecemento gañador do concurso.

- 9) Os establecementos participantes deberán entregar as furnas coas papeletas depositadas nestas entre os días 2 e 3 de abril no edificio Arquivo en horario de 10:00 h a 14:00 h e de 19:00 h a 22:00 h.

- 10) O establecemento gañador darase a coñecer o xoves día 4 de abril a partir das 13:00 h.

- 11) O establecemento gañador recibirá unha placa conmemorativa do Concello de Betanzos.

- 12) As presentes bases son de obrigado cumprimento. Calquera establecemento que as incumpra poderá quedar excluído da **edición especial "Pincho de Semana Santa"** ou edicións posteriores.